



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE FEBREIRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LAP/331/2018.- MANUEL NUÑEZ ESPÍNO.- Conceder a modificación da licenza de obras de rehabilitación e ampliación da edificación para uso de vivenda e albergue na rúa de Teo, 16.

LIC/1540/2019.- LOUSAME COGENERACIÓN, S. L.- Conceder licenza de obras para retirada de cubera, recolocación e acondicionamento interior de naves para instalación de nova maquinaria na rúa Paseo da Amaía, 2.

LIC/1398/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Autorizar a excepcionalidade das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reforma de edificio para a instalación de ascensor e rehabilitación da fachada e da cuberta do edificio situado na Avda. Castelao, 44.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión da modificación da licenza de obras de rehabilitación e ampliación da edificación para uso de vivenda e albergue na rúa de Teo, 16. LAP/331/2018.

Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión da licenza de obras para retirada de cuberta, recolocación e acondicionamento interior de naves para instalación de nova maquinaria na rúa Paseo da Amaía, 2. LIC/1540/2019.

Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para reforma de edificio para a instalación de ascensor e rehabilitación da fachada e da cuberta do edificio situado na Avda. Castelao, 44. LIC/1398/2019.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á ampliación de horario de peche dos locais da Asociación Hostelería Compostela durante as festas do Entroido e Semana Santa de 2020.

Acórdase ampliar nunha hora o horario de peche de locais a noite do 24 de febreiro (festas do Entroido) e as do 3 ao 13 de abril (Semana Santa).

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á rectificación do acordo de Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro 2020. PTM/62/2016.

Rectifícase un erro material no devandito acordo.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización de uso gratuito á ASPAS das vivendas propiedade do Concello, sitas na Rúa Roma 5-7, 2º C e F e prazas de garaxe anexas na R.86 Fontiñas. PTM/91/2015.

Autorízase o uso gratuito de dúas vivendas a ASPAS polo prazo de 4 anos para o desenvolvemento do programa de entrenamento “vida no fogar e na comunidade e de respiro e/ou emerxencia familiar”. Transcorrido dito prazo valorarase o outorgamento dunha nova autorización.

8.- Dar conta pola concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica da formalización da Addenda nº 6 ao Convenio entre a extinta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento da Revisión do Plan especial de protección da cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela con data 06/11/2019. PLA/81/2013.

Dáse conta da sinatura da devandita addenda.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao inicio do proxecto de equidistribución e aprobación inicial dos Estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da área de execución AEI-Ea do PERI-2 de Conxo de Arriba. XPL/18/2019.

Acórdase o inicio do procedemento de equidistribución da área de execución integral AEI-Ea do PERI 2 (Conxo de Arriba), así como a aprobación inicial dos proxectos de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación, que serán sometidos a información pública polo prazo dun mes.

10.- Proposta da alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do programa integral "Santiago E-COM II".

Acórdase a solicitude da devandita subvención para programas de inserción laboral de persoas en situación de desemprego por importe de 184.252,20 euros. O custo total do proxecto é de 230.315,25 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á adhesión ao convenio de colaboración entre a FEGAMP e a UDC para a organización de prácticas dos alumnos.

Dáse conta da solicitude de adhesión ao convenio marco de colaboración entre a UDC e a FEGAMP para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares dos estudantes da UDC nas entidades asociadas á FEGAMP.

12.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á aprobación do proxecto de "Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago-A Coruña para uso como Vía Verde (Termo de Santiago de Compostela)".

Apróbase o proxecto de acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago – A Coruña para uso como vía verde (termo de Santiago de Compostela) cun orzamento máximo de licitación de 1.318.483,33 euros máis IVE e un prazo de execución dun ano.

13.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á apertura do prazo para a presentación das solicitudes de renovación das concesións de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo.

Apróbase a apertura dun prazo de dez días hábiles para a presentación das solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo dende o 19 de febreiro ao 4 de marzo (ambos incluídos).

14.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 69, da titularidade de D. ROBERTO QUINTEIRO MEJUTO, a favor de D. FERNANDO CALVIÑO GARCÍA.

Apróbase a proposta.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: Servizo de redacción das bases técnicas para a definición do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e mantemento das illas soterradas do Concello de Santiago de Compostela. CON/58/2016.

Acórdase a devolución da fianza por importe de 1869,75 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017). CON/1/2018.

Acórdase a devolución da fianza por importe de 4132,23 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019. CON/10/2018.

Acórdase a devolución da fianza por importe de 3300 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela (2016) CON/11/2016.

Acórdase a devolución da fianza por importe de 9091,91 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á desestimación das alegacións presentadas pola empresa ESPROADE SL ao desistimento do procedemento de contratación do servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización das actividades da Escola municipal de Música.

Téñense por presentadas as alegacións da empresa e, nos termos expostos nos informes de Educación e da Asesoría Xurídica, desestímanse as mesmas mantendo a vixencia do acordo adoptado o 9 de decembro de 2019. Reitéraselle á empresa o dereito que lle asiste a ser indemnizados polos gastos ocasionados no procedemento de licitación.

20.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao impulso da contratación administrativa da xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, e a declaración de urxencia do dito procedemento.

Apróbase a orde de impulso para proceder á maior brevidade posible á devandita contratación administrativa e declárase a urxencia do devandito procedemento.

21.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na comisión de escolarización para o curso 2020-2021.

Noméase á concelleira de Educación como representante municipal na Comisión de escolarización para o curso 2020-2021 e como suplente á xefa do Departamento de Educación.

22.- Proposta da concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación da programación do Entroido 2020.

Apróbase o programa.

23.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía.

Convalídase a actuación dun gasto (redacción do proxecto construtivo do acondicionamento e mellora dos pavimentos do núcleo de Pardiñas) por importe de 13.521,10 euros.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á resolución do contrato para execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015, e outros extremos.

Acórdase a resolución do devandito contrato por execución defectuosa e a liquidación do mesmo. Dáse traslado á empresa do acordo para que formule alegacións se o considera necesario ou acepte a liquidación proposta, para o que ten un prazo de 15 días hábiles.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á resolución do contrato para execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015, e outros extremos.

Acórdase a resolución do devandito contrato por execución defectuosa e a liquidación do mesmo. Dáse traslado á empresa do acordo para que formule alegacións se o considera necesario ou acepte a liquidación proposta, para o que ten un prazo de 15 días hábiles.

26.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación da concesión da subvención do Plan Concertado de Servizos Sociais: Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. Escolas infantís municipais 2019. Financiamento das escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños durante 2019.

Dáse conta da resolución complementaria de asignación de transferencias finalistas correntes do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, relativo ao financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, durante o exercicio 2019, por un importe de 78.200 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbase o proxecto de obradoiro de emprego “Santiago Sustentable II” e que contempla a execución da actuación “análise, deseño e construción dun portal temático no ámbito do patrimonio cultural e natural en realidade virtual e aumentada”. Así mesmo, acórdase solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria e apróbase o gasto correspondente ao Concello (27.570,04 euros).

2.- Apróbase o proxecto de obradoiro de emprego “CREAS III” e que contempla a execución da actuación “xiros dos montes de Compostela” e “elaobración da web Xiros dos montes de Compostela”. Así mesmo, acórdase solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria e apróbase o gasto correspondente ao Concello (62.406,42 euros).

3.- Adxudícase o contrato de execución das obras definidas no proxecto modificado denominado “reurbanización da rúa Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020” á empresa Acciona Infraestructuras SA por un importe de 1.155.192,13 euros máis IVE (242.590,35 euros).